

estega

00



que facemos coa
lingua?

o idioma, situación actual / normalización lingüística
entrevistas / colaboracións / experiencias / novidades
opinión / poética

estega/00/dec/2009

escola pública galega/información e debate

sumario

A promoción do galego dende os equipos de normalización e dinamización lingüística

ENDL 06



Entrevista a dúas bandas:
Emilio Insua / Miguel Louzao

09



A denfesa
do idioma
18/20

+contidos

Editorial	03
Decálogo d@ profe de lingua	04
A oralidade transmítese no berce da emoción	16
Plataformas cidadás	18
O galego na lexislación, protección e promoción	20
Cambiagalicia, unha idea para cambiar un país	22
Ser lingua nom é fácil	24
O mito erótico de Galicia Bilingüe e do galeguismo, a Finlândia	26
Libros, banda deseñada, cine, música...	28
Poética: o leite baixo a tona	30

editorial

número cero

Noraboa! Tedes nas vosas mans **un número cero** e, ademais, dispoñédesvos a lelo. Xa non é pouco hoxe en día, afeitadas e afeitados a opinar nun foro de internet ou a facer tres ou catro comentarios persoais a outras tantas noticias de actualidade, así como a entrar no blog daquelas persoas coas que simpatizamos para animalas a seguir e, de paso, soltar algunha imprecación naqueles outros blogs que queremos fundir. E é que estamos servidas e servidos en canto a posibilidades de participar, expresar, informar(nos), debater... Estámolo realmente?

Se algún sentido ten **aínda unha revista**, será o de reflexión e debate pausado e pensado, o de obra colectiva e aberta, o de autoría e responsabilidade explicitadas. Un plus de obra colectiva con nome e apelidos, en tempos de comentarios persoais que aproveitan o anonimato para insultar ou desvariar, de reflexión en tempos nos que prima dar a opinión máis repentista, arroutada e irreflexiva.

Un dos principais obxectivos desta publicación pretende ser o de **servir á escola pública galega** (epg), á súa xente, desde a súa xente e para a súa xente. Tratar temas desde ópticas educativas e profesionais, non desde ópticas xornalísticas, políticas, económicas ou sociais, exclusivamente; invadidos como estamos polo discurso educativo que nos chega desde fóra do ámbito educativo e que o estamos a facer noso, sen discriminado, ou sexa, que o estamos a facer discurso de experto ou especialista, cando naceu sendo discurso inexperto ou non especializado. Hai tempo xa que o sistema educativo galego está a debate. A educación vén sendo empregada, de forma habitual xa, como tema electoral, xerando polémicas sociais tan intensas como estériles. O mesmo está a suceder coas linguas no ensino, aínda que neste caso, desde hai menos tempo. Infelizmente, son temas que van e veñen polas tertulias mediáticas entre pausas para a publicidade; escasos son os debates rigorosos con ánimo construtivo.

Obviamente **edita un sindicato**, non o vamos nin debemos ocultar, pero isto lonxe de ser negativo ten o valor de representar unha obra colectiva, feita por unha parte do profesorado galego, directamente, e non por un grupo político, mediático ou económico: fala o mundo educativo (parte del) directamente. Esta empresa colectiva pretende ser unha achega, modesta pero honesta, a un debate necesario.

Presentamos un número **monográfico sobre a lingua**, empresa colectiva onde as haxa, mais tamén individual e intransferible desde o momento en que calquera persoa que se embarque con mínima seriedade no esforzo de aprender outro idioma a un nivel de certa competencia saberá das dificultades que isto entraña, do traballo de por vida que significa, porque os idiomas, os propios e os que se adoptan, son complexos mapas do mundo que nos transportan a outras realidades. Un monográfico **sobre a lingua galega, ademais**, asunto este na palestra da lóxica política cando de desgastar coalicións se trata. Un monográfico, en fin, **sobre a lingua galega no ensino, por se fose pouco**, co cal temos xa completado un succulento prato destinado á mesa de opinadores de toda caste a prepararen o camiño posible para o decreto máis ambiguo da recente historia educativa galega. No entanto, e por esta vez, o noso prato queremos servilo frío e na cociña.



Edita: sindicato STEG
Redacción: Pepe Cabido, Sonia F. Casal, Alfredo Iglesias, Francisco Legaspi, Gelo P. Portomeñe
Colaboran neste número: Sachu Sende, Valentina Formoso, Nel Vidal Barral, Emilio Insua, Miguel Louzao Outeiro, Valentim R. Fagim, Ana Mª Pérez Rico, Pablo Gamallo, Carlos Negro.
E tamén distintos representantes da comunidade educativa dos colexios: CEIP Emilia Pardo Bazán da Coruña, CEIP Cruceiro de Canido de Ferrol.
Proxecto gráfico e maquetación: Serxio Suárez Bandín
Redacción, publicidade e subscricións: Avda. de Coimbra, 15. 15704 Santiago. Tel. 981 580 700
Impresión: Artes Gráficas Lucenses SL
Depósito Legal: LU 251-2009
ISSN: 1889-9625
Tiraxe: 4.000 exemplares
revistaestega@stegsindicato.org • www.stegsindicato.org
O STEG non asume necesariamente as opinións daqueles artigos e colaboracións que aparecen asinados.
Permite a copia e difusión sempre que se cite a procedencia.

decálogo d@ profe de língua

01

Tu es umha persoa, e cada umha das tuas alunas e alumnos son persoas. Sodes, pois, persoas. Sodes iguais...e diferentes. Tu tes mais anos e pode que leras mais libros que muit@s alun@s..., ademais tu es @ profe, e cobras por isso. Sodes iguais e sodes diferentes mas este curso tedes algo em comum, entre outras cousas: a língua galega.

02

Um dos teus obxectivos principais será que pareça que os 50 minutos de cada aula duren muito menos. Aprender goçando. A formaçom em dinamizaçom de grupos é fundamental para qualquer profe. @s profes guais fixerom cursos e lerom libros de animaçom sociocultural. A língua galega necesita profes facilitadores, dinamizadores, animadores que facilitem a adquisiçom, dinamicem a aprendizage e animem ao uso. @s profes list@s sabem que adquirir destrezas em dinamizaçom de grupos resolve muitos problemas.

03

O trabalho com actitudes, valores e normas sociolingüísticas é fundamentalíssimo! É mais importante que um aluno ou aluna recoñeza e supere um prejuízo que que escreba um exame sem faltas de ortografia, porque um prejuízo pode fazer que um aluno deixe de escrever em galego quando já nom tenha que fazer exames. Neste momento histórico é prioritário que o alunado seja sensível e consciente do conflito lingüístico e vaia construindo umha perspectiva crítica com a realidade social, da que forma parte. Que sejam menores de idade nom significa que nom sejam cidadás. A primeira lecçom: som as persoas as que prestigiam ou desprestigiam umha língua, nom som as línguas as que dam mais ou menos prestígio ás persoas.

04

O alunado mais que ser parte do problema actual da língua é parte da soluçom. Cada umha das persoas da aula é um manancial de transformaçom social. (Ah, e nom esqueças contar com os companheiros do instituto e com as nais e os pais.)

05

O preço do açúcar, o sexismo, usar a bicicleta, as leis contra o tabaco, a destruçom da natureza, a sanidade pública, a maioria de idade, a língua... todo é política. Política é o que nos interesa como cidadáns e cidadás que formamos parte dumha sociedade. Ninguém é apolítico porque a tod@s nos interesa, mais ou menos, a sociedade. Outra cousa é ser partidista ou apartidista. E estamos a falar da área de língua e sociedade. Por isso é importante, por exemplo, debater na aula: Que importância tivo e tem o Xabariam Club? Por que nom hai um programa de música rock na TVG? Acaso nom se pode ligar em galego?



Sechu Sende

Cofundador da Cooperativa Tagen Ata, Língua e Comunicación; gañador do Premio Blanco Amor no ano 2003 coa novela *Orixe*. O seu último libro, *Made in Galiza* (2007) recibiu o Premio Anxel Casal ao Mellor Libro do Ano, concedido pola Asociación de Editores Galegos. Licenciado en filoloxía Galego-Portuguesa, é profesor de galego en Secundaria.

06

É importante botar-lhe um olho a algum livro de psicologia. A língua é umha questiom de identidade, social e persoal. O poeta Derek Walcott, por exemplo, dicia que “Se cámbias de língua, cámbias de vida”.

07

Se lhes pedes respeito, debes respeitar, se lhes pedes criatividade debes ser criativ@, se lhes pedes trabalho, debes ser trabajador/a, se lhes pedes participaçom, debes ser participativ@, se lhes pedes comunicaçom, debes ser comunicativ@, se lhes pedes correiçom, debes ser correct@, se lhes pedes que aprendam, debes aprender com el@s, se lhes pedes que cámbiem, debes cambiar tu tamém, se queres que confiem em ti, debes confiar nel@s, etc.

08

Se pensas que o que fas nom cámbia o mundo, @ alunado nom aprenderá de ti a cambiar as cousas. Nem sequer um b por um v. Se pensas que o que fas nom cambia a situaçom da nossa língua, o teu alunado nom aprenderá de ti a cambiar a situaçom da nossa língua. Recorda que o pesimismo paralisa e destrue. Nom é educativo. As normas sociais –invisíveis, tácitas– ditam o que é normal ou nom é normal. Mas essas normas podem cambiar. A forma em que cada profe dá as aulas pode perpetuar normas sociais injustas ou pode ajudar a cambia-las.

09

Os livros de texto podem servir de ajuda. Mas os melhores modelos lingüísticos están nas ruas, na tele, nos libros, nos dicionários, nos jornais, nas etiquetas dos alimentos, nas guias telefónicas, nos cds, nos dvds, em internet, nas nossas conversas. O melhor material é que elabora cada um/ha de nós.

10

Deves levar a escola ás ruas e fazer entrar a sociedade na escola. A língua vive na sociedade. A aula nom pode ser umha burbulha. Sae da aula com os teus alunos e alunas. Sae da aula e vivide a língua fora, com a gente que a fala ou a despreça, com a gente que a aprende ou a ignora, com a gente que a construe ou a destrue. Cada viagem é um paso adiante, sempre.

Anima-te. Sempre hai dias piores e dias melhores. Recorda os bons momentos e colhe força porque hai muito trabalhinho por diante e a língua necesita-te. Colhe aire. A gente nova necesita-te. Sorte.

a promoción do galego dende os equipos de normalización e dinamización lingüística

A escasa formación de moito profesorado do endl sobre como desenvolver un proxecto normalizador, a falta de orientación precisa sobre o enfoque do traballo e a nula coordinación foron **reivindicacións repetidas durante anos que se manteñen na actualidade**, pese á mudanza enormemente positiva que supuxeron, a partir do ano 2006, por un lado, a creación das figuras dos coordinadores/as provinciais de ENDL e, polo outro, a organización dos Seminarios de dinamización lingüística.



Valentina Formoso Gosende

Voceira da Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística e coordinadora do ENDL do IES Félix Muriel de Rianxo, centro onde imparte as materias de lingua galega e literatura e portugués. Antes da súa entrada no ensino pasou polo Centro de Terminoloxía Científico-técnica de Galicia (TERMIGAL) e pola Confederación de Empresarios de Galicia onde creou o Departamento de normalización lingüística e desenvolveu durante varios anos proxectos neste ámbito. Conta con varias publicacións relacionadas basicamente coa lingua e a empresa, tema sobre o que versa a súa tese de doutoramento: A lingua galega no ámbito empresarial: usos e representacións sociolingüísticas.

Os Equipos de normalización e dinamización lingüística (ENDL) dos centros de ensino teñen unhas funcións definidas na lexislación¹, pero non por iso todos conseguen promocionar o galego de forma “efectiva”, e seguramente que non é –na inmensa maioría dos casos– por falta de interese no tema.

As circunstancias dos ENDL dos distintos centros de toda Galicia son moi diversas e van desde os que levan máis de 15 anos funcionando de xeito activo (por desgraza os menos), a aqueles que, ó xeito do Guadiana, aparecen e desaparecen cada curso, e móvense dependendo das forzas que teña o profesional interino que chega novo ó centro e que se ve agasallado cun par



de horas por coordinación do ENDL. No medio están os que teñen unha estabilidade que normalmente non pasa dos catro anos. Sexa dun ou doutro xeito, penso que cómpre ter sempre claros uns presupostos básicos e logo, a partir de aí, que cadaquén programe as actividades na medida das súas posibilidades. Eu só vou expoñer aquí algunhas das miñas ideas ao respecto.

1. Un centro precisa un ENDL que ten que ser, ou pretender ser, **un equipo**, é dicir composto por persoas que actúan cara a un mesmo obxectivo que debe estar ben claro: a promoción do galego. Para colaborar nun ENDL non hai que ter unha cor política concreta (só faltaba!!), nin sequera hai que practicar un activismo lingüístico que

(1). É un órgano consultivo e dinamizador dos centros para os eidos lingüístico e cultural. Forma parte da estrutura administrativa, docente e didáctica e está integrado por mestres/as e profesores/as dos distintos niveis, por alumnos/as

(cando a idade o permite) e por representantes do persoal non docente. A súa función primordial é conseguir que os alumnos/as poidan chegar a ser competentes na lingua galega e usala digna e normalmente.



parta dun compromiso demasiado exacerbado. No equipo debe estar o maior número de profesorado posible, e o noso esforzo tería que ir encamiñado a que a maior parte dos docentes se impliquen, máis ou menos activamente, nas actividades do ENDL. Para iso teñen que ter claro que as súas actuacións van encamiñadas a conseguir que o galego deixe de estar minorizado e teña unha situación “normal”. Hai moito profesorado de todas as materias (porque os ENDL non deben ser só “cousa dos de galego”), con usos bilingües –máis ou menos practantes do galego– e mesmo monolingües en castelán (aínda que sempre mantendo a necesaria coherencia en canto ao uso do galego nas actividades do ENDL), que pode compartir unha serie de premisas sobre o galego: a) que é lingua propia de Galicia, b) que debe ter iguais dereitos có castelán, c) que está nunha situación minorizada e necesita un plus; d) que serve para ensinar outras materias, e) que se pode traballar pola súa normalización desde os centros de ensino; f) que buscar a normalización do galego non significa impoñer o seu uso...

Se esta mensaxe se transmite ben, pode descubrirse a moito profesorado que participa destas ideas e que, tendo vontade de involucrase nun centro, terá vontade de colaborar co ENDL. Posiblemente non se consiga nun só curso, pero cómpre tentalo sempre, evitando tamén caer no vitimismo e/ou na tendencia a formar guetos nos centros, poñendo así máis trabas das xa existentes.

para colaborar nun **endl** non hai que ter cor política concreta, simplemente hai que **participar do obxectivo de promocionar o galego**

2. Nos IES e CPI cómpre **implicar o alumnado**, algo que require un esforzo extra, pero que é unha das maiores medidas normalizadoras que podemos desenvolver. Reflexionemos sobre o significado que pode ter que o profesorado membro dun ENDL dun centro, que está moi comprometido coa lingua, cree e manteña un blog marabilloso, activo, moi actualizado e que serve de referencia para todos os que nos movemos no mundo da normalización lingüística, pero que non chega ao alumnado que, nin o le, nin sabe que existe. Poño o exemplo do blog porque é algo que se estendeu moito nos últimos tempos nos ENDL, pero debe aplicarse a calquera actividade do equipo. Se cadra non é posible que os rapaces e rapazas participen de todo o que nós facemos, pero teñen que ser parte do grupo de traballo e participar do espírito do mesmo. Esta pode ser unha das maiores actividades de promoción do galego: conseguir alumnado lingüisticamente consciente, que non ideoloxicamente marcado, e que ao mesmo tempo poida difundir fóra do centro o que é realmente un

ENDL e que labor desenvolve, contrarrestando así discursos que pretenden desprestixiar o noso traballo.

3. Os **obxectivos** concretos do ENDL de cada centro teñen que estar adaptados á súa realidade sociolingüística. Aínda que as actividades que se programen nun centro poidan ser copias para outro, non se pode pretender realizalas do mesmo xeito naqueles que xa teñen unha bagaxe normalizadora de máis de 10 anos funcionando, ca nos que teñen un equipo e unha dinámica de traballo moito menos asentada, onde a receptividade, o apoio... certas inercias están por construír. Pola contra, nestes xógase coa baza da novidade e da ilusión, aínda que hai que asentar ben –e volvo insistir– cal vai ser o obxectivo e progamar as actuacións en relación a el. Volvo ao exemplo do blog para explicalo xa

unha das maiores actividades de promoción do galego pode ser conseguir alumnado capaz de difundir o labor dun **endl**, **contrarrestando así aos que pretenden desprestixiar o noso traballo**

que se trata dunha actividade fundamental para o fomento do uso culto da lingua entre aqueles que non contan con outros espazos para desenvolve-la, ligándoa ademais á modernidade e ao uso das novas tecnoloxías. Mais se todos os post os elabora un, ou varios, profes á marxe totalmente do alumnado, ese obxectivo non o cumpre. Pode ser que teña outro, e moi válido, pero ten que estar moi ben definido e axustado á realidade sociolingüística da comunidade educativa.

4. Para rematar, penso que todos os integrantes de ENDL damos pasos a prol da promoción do galego, sempre que asumamos o que significa isto, que xa non pasa por ligarnos exclusivamente coas actividades complementarias e extraescolares ou por, unicamente, xuntar a moitos rapaces nun Correlingua sen a preparación previa que esta actividade promove e require. Pasa por assimilar que o momento no que nos atopamos é moi delicado e o noso papel é moi importante. Pasa, polo tanto, por elaborar programas axustados ás nosas posibilidades pero onde todas as actividades teñan un obxectivo nor-



os obxectivos concretos de cada centro teñen que estar adaptados á súa **realidade sociolingüística e á bagaxe normalizadora** do endl correspondente

malizador moi ben definido e axustado ao contexto do centro. Pasa por buscar a colaboración de toda a comunidade educativa, da ANPA e das entidades do contorno para conseguir máis calado normalizador. Pasa por coordinarnos con outros ENDL doutros centros

de ensino para xuntar esforzos, facer unha fronte común para, ademais de contribuir á adquisición das capacidades lingüísticas do alumnado, crear un contradiscurso que chegue á sociedade, a través de cada unha das nosas comunidades educativas.

a promoción do galego xa non pasa por ligarnos exclusivamente coas actividades complementarias e extraescolares ou por, unicamente, xuntar a moitos rapaces nun correlingua



Sobre a necesidade da mellora das estratexias normalizadoras

Cómpre renovar e fortalecer as tácticas, procedementos e estratexias no proceso de normalización da lingua galega. Esta foi a conclusión xeral e unánime dos tres días de debate e traballo no V Curso de verán sobre dinamización lingüística que tivo lugar a mediados de xullo de 2009 en Carballo, organizado pola Universidade da Coruña en colaboración coa Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua e no que participaron 80 persoas, maioritariamente técnicas/os de normalización lingüística en diferentes entidades.

Mais, en que debe consistir esa renovación de estratexias? Pois as conclusións para a mellora sobre as que se debateu foron publicadas en cinco recomendábeis documentos que poden consultarse no facebook da web www.cntl.org

No proceso de normalización lingüística queda moito por facer, polo que é necesario ir fortalecéndoo con novas accións. Cómpre complementar e fortalecer a acción normalizadora con novos argumentos rigorosos, claros, modernos, integradores, imaxinativos, coherentes, conciliadores e firmes dirixidos aos diversos grupos sociolingüísticos existentes na complexa realidade galega; a promoción do galego debe ligarse con valores sociais positivos, coa construción da xustiza social; cómpren referentes de prestixio e éxito social real que sexan exemplos de uso coherente do galego; cómpre unha maior activación das persoas monolingües en galego; cómpre crear, potenciar e dinamizar as microrredes informais para a normalización lingüística nos ámbitos profesionais, para crear máis e máis diversificados espazos para a lingua; etc.

E isto, claro está, para intentar mellorar a procura do obxectivo indeclinábel: a plena normalización do único idioma propio do noso país, o galego.

Nel Vidal Barral (presidencia@cntl.org)

entrevista a dúas bandas

exame aos 30 anos de normalización lingüística

Entrevistamos a Emilio Insua López e Miguel Louzao Outeiro, profes de lingua e literatura galega en Secundaria, **co ánimo de pulsarmos opinións e pareceres sobre o longo percorrido da normalización lingüística no nos país. Dende a súa calidade de protagonistas e colaboradores no proceso normalizador comentan as súas inquedanzas e puntos de vista.** O que segue é parte do que debatemos aquela tarde.



Que balanço destes 30 anos de normalización lingüística (n.l.) e desde o voso punto de vista, se pode facer?, que carencias, erros, aspectos mellorables, avances,... en definitiva, que grao de éxito tivo este proceso?

Emilio Insua López: Obviamente é un balanço con luces e sombras. En todo caso, fáisenos necesario buscar algúns indicadores obxectivos que nos aparten de percepcións en exceso subjectivas e interferidas. Para min, o elemento básico de obxectivación sería preguntarse: a lingua galega, como lingua propia de Galiza, está en situación de uso e de perspectivas de futuro mellor ou peor que hai 30 anos? E a resposta é claramente peor, dado que a perda da transmisión interxeracional se revela como o dato crucial para vulgar ou avaliar a política lingüística seguida. Na chamada transición ou no tardofranquismo un sector importante da sociedade galega asumiu que a n.l. era un dos elementos claves da verdadeira democratización, para pasar páxina do que significara o franquismo, e resulta que as propostas, diñeiros e políticas levadas a cabo desde entón dan como resultado que, 30 anos despois, esteamos a falar de porcentaxes de uso moito máis baixas, de presenza testemuñal ou simbólica en moi-


tos dos eidos da vida social, de aparición de novos prexuízos, etc.. Conseguintemente, o balanço ten de ser maiormente negativo. Ora ben, se nos preguntamos acto seguido polas responsabilidades desta situación temos que apelar a unha responsabilidade múltipla. En primeiro lugar, unha clara responsabilidade institucional: o goberno autónomo e as diversas institucións do Estado na Galiza estiveron xeridos por determinadas forzas con determinado pensamento sociolingüístico a respecto do papel do galego na sociedade (uso ritual, compromiso epidérmico...). Isto algo tivo que ver para que non houbera unha vontade cento por cento comprometida co galego desde eses organismos. E despois hai tamén a responsabilidade dos que querendo traballar polo galego e querendo facer país, ao mellor dosificamos mal as propostas e estivemos facendo un discurso e unha pedagogía sociolingüística que, aínda sendo válidos nun inicio, se converteron en esquemáticos, planos e resesos toda vez que as transformacións das últimas décadas aceleraron o seu curso. Penso que hoxe por hoxe nos falta unha percepción real e ben aqilata de toda a complexidade que xira arredor da n.l. dun idioma. A conxuntura actual aínda agrava máis a situación, pola actitude de aberta hostilidade que

mantén neste momento quen detenta as responsabilidades de gobernar. Ora ben, ao mesmo tempo hai que verlle á situación a parte positiva, no sentido de que é unha boa oportunidade para facermos moita reflexión que tñamos pendente desde hai moito tempo. En momentos de preocupación máxima, tiremos lucidez da situación.

Miguel Louzao Outeiro: Efectivamente penso que esta é unha das últimas oportunidades que nos quedan porque aínda a lingua está viva; dentro de 30 anos, se non se inverten as cifras, será xa unha lingua residual. Se ollo cara atrás o que vexo é a historia dun fracaso: cando eu era pequeno estaba nun colexio rural de 200 crianzas galegofalantes, hoxe ese colexio ten menos de 50 estudantes. No entanto, a poboación escolar urbana está completamente desgaleguizada e ás cifras me remito. Así pois, en canto ao balanço que me pedides, tanto a nivel institucional como social, coído que o grande problema foi que nunca houbo proxectos de n.l. claros, con obxectivos definidos, ámbitos de actuación, etc. Por unha banda, desde o ámbito institucional, aos defensores da n.l. deixóusenos o espazo da cultura, dando continuidade así ao lugar simbólico que alcanzara a lingua nos últimos anos do franquismo, pero tendo moito coidado de non dar máis pasos e de que a sociedade decorrese por outro camiño distinto e alleo, que incluía a desaparición lenta e “non conflitiva” socialmente da lingua, co chamado bilingüismo harmónico. Neste sentido institucional, os últimos 4 anos foron a historia dunha frustración: se alguén agarda que por conquistar o poder se van mudar tendencias fundamentalmente arraigadas, está enganado. Polo seu lado, no que afecta ao ámbito social, aos movementos cívicos de promoción da lingua... somos, e falo en primeira persoa, uns fracasados: podemos hoxe desenvolver a nosa vida en galego, incluso os que somos galegofalantes ao 100%? Non, non podemos. É máis, incluso se nos estigmatizou, facendo que se considere aos galegofalantes como xente do bloque, profesores de galego ou “da aldea”. E nós caemos na trampa e permitimos que nos delimitasen espazos

a maioría da xente que fala galego **fálao porque é a súa lingua materna,** sen levar aparelado ningún outro matiz

(Miguel Louzao Outeiro)



o noso derrotismo moitas veces procede **de asociar falsamente o uso do castelán co españolismo ideolóxico**

(Emilio Insua López)



sociais coa nosa actitude. Houbo problemas de enfoque, de discurso, de emprego dunha linguaxe, como comentaba antes Emilio, excesivamente retórica e allea que non chegaba á sociedade, e sobre todo fallamos na ideoloxización que fixemos da lingua, e na que tamén axudaron todos os demais poderes contrarios ao galego e interesados en que o galego se identifique e asocie politicamente. Tampouco valoro positivamente esa postura nosa sempre á defensiva, tan habitual, sempre á contra, que nos etiquetou socialmente e nos fixo máis vulnerables á crítica dos sectores anti-galego.

Emilio: Coincido con Miguel en que a identificación ideolóxica e/ou partidista da defensa da lingua é unha das causas de que o discurso en defensa do galego non fose máis poroso, non permeabilizase máis a sociedade. Teño a sensación

de que moita xente que é favorábel ao galego tampouco se activa por esta hiperideoloxización que ten a lingua. Un achique de espazos e ámbitos, en definitiva, que nos coloca en situación desvantaxosa no momento actual e que ten na outra cara da mesma moeda a presente proliferación de plataformas a favor da lingua, o cal conleva tamén un risco, o de difuminármonos e non darmos artellado unha resposta social potente e diáfana. A min isto paréceme tamén unha das vertentes que hai que superar. Ollo, non se trata de desideoloxizar a lingua, pois a defensa do galego vai ser sempre nesta sociedade un acto político, no sentido nobre da palabra, pero temos que comezar a pensar que ou a lingua a salvamos entre todos os que queremos galego, con independencia do noso “-ismo” particular e mediante dinámicas realmente respeitosas e pluralistas ou a convertemos nunha marca de identida-

de meramente grupal, cando, en realidade, a lingua ten que ser comunal, do pobo galego, de todo o pobo galego.

Pero como chegamos a ese pobo galego que fala a lingua ou que está disposto a usala? Como desvinculamos o galego dunha determinada opción política como é a nacionalista?

Emilio: Temos que coñecer mellor a nosa sociedade, ver ben como funciona. Agora mesmo, por exemplo, o discurso sociolingüístico da necesidade do galego no cadro dun multilingüismo práctico ou funcional ten máis audiencia en xente que non usa nunca o galego que en xente diglósica. O quid da cuestión está en como presentarlle de xeito atractivo, convincente e útil a ese sector social a posibilidade de se instalar lingüísticamente no galego, en como vencer os seus prexuízos e inseguranças, en como

na práctica, do que se trata é de creamos espazos na sociedade para que o galego se use con normalidade.
non se trata de entrar en conversión ideolóxica de todos os falantes de galego

(Miguel Louzao Outeiro)

axudalos a chegar ao conseguente convencemento de que teñen que mudar nunha liña de progresivo abrazo do galego, e se non o ven factíbel para si, que o vexan para os seus fillos. Coido que por aí debe ir a estratexia, tanto desde unha administración favorábel á lingua como desde os sectores comprometidos coa n.l. Por outra banda, o discurso nacionalista sobre o idioma, lexítimo e imprescindible, pode ser confluyente con outros discursos non necesariamente nacionalistas. Na práctica, do que se trata é de creamos espazos na sociedade para que o galego se use con normalidade. Se creamos eses espazos haberá falantes nacionalistas e falantes que non son nacionalistas que usarán o galego con normalidade e romperemos así o perigo do "ghetto". Esa é batalla, non é a de esperar a facer unha Galiza 100% nacionalista para conseguir normalizar o idioma. Nós sabemos que na masa de galegofalantes que queda hai de todo, e primeiramente moita mentalidade digló-

sica e pouco uso consciente. Non se trata de entrar en conversión ideolóxica de todos os falantes de galego, é xustamente o camiño contrario: vostede que usa o galego, polas razóns que sexa, debe de ter garantías e espazos para usalo, debe de ter consciencia de que ten dereito a usalo en todas partes. E non converter o galego na obxección de consciencia, na "marca ideolóxica": este fala galego porque é galeguista, pois senón non o falaba. Isto é mortal para o galego, é ao que nos foi empurrando toda esta situación e é ademais a posición na que se senten ben instalados e cómodos aqueles que atacan a nosa lingua.

para **invertir dinámicas** hai que facer un esforzo de instalación na lingua e isto só se logra conseguindo **que a sociedade que quere usar o galego poida ter ao seu dispor todo o que tamén ten en castelán**

(Miguel Louzao Outeiro)

Miguel: Unha renovación do discurso e unha nova pedagogía social ten tamén que levarnos a deixar de asociar co emprego do galego unha determinada agresividade, reivindicación, rebeldía, militancia, etc. A maioría da xente que fala galego fálaos desde a mesma lóxica que aqueles que falan outras linguas, fálaos porque é a súa lingua materna, porque a mamou, sen levar aparelado ningún outro matiz. Cómpre reformular discursos, rebentalos até, abrirse á sociedade no que significa chegar a consensos sociais grandes, incluso con sectores sociais cos que non teñamos nada que ver noutros ámbitos. Penso que isto é fundamental para que haxa a posibilidade de defender, e de falar, a lingua desde diversos segmentos sociais ou ideolóxicos.

Emilio: Temos, ademais, como utentes e defensores do galego, unha responsabilidade de apoiar, demandar e difundir



se alguén agarda que por conquistar o poder se van mudar tendencias
 fundamente arraigadas, **está enganado.**

(Miguel Louzao Outeiro)

materiais multimedia, música, revistas, xogos, etc., en lingua galega, e nomeadamente con vistas ás xeracións máis novas. Para invertir dinámicas hai que facer un esforzo de instalación na lingua e isto só se logra conseguindo que a sociedade que quere usar o galego poida ter ao seu dispor todo o que ten tamén en castelán. Isto é, poñer en valor a lingua fomentando que todo o que se faga en galego circule socialmente e se coñeza. Trátase, pois, de vencer resistencias ao uso dando confianza nas capacidades de uso. Neste sentido, o discurso de n.l. no ensino terá que ir non na liña de "porque somos galegos hai que falar o galego", isto é, un discurso ideolóxico, senón na liña dun discurso pedagóxico que nos diga que as linguas son útiles e suman. Foi por isto que, ao meu ver, a campaña da Coordinadora de Equipos de N.L. contrastou moito, no ton, no argumentario e na propia formulación verbal, positivamente, con outras campañas igual de favorábeis e benintencionadas a prol do galego pero

que viñan da inercia combativa. Por iso o díptico da Coordinadora, cando chegou aos centros, fixo moita máis "pupa" nos sectores hostís ao galego do que outro tipo de materiais, digamos, máis tópicos e combativos. Porque, efectivamente, se as linguas suman, se as cifras demostran que aprender en galego non prexudica nin máis nin menos que aprender en castelán, isto toca de cheo certos prexuízos existentes e desmonta aqueles argumentos máis demagóxicos que se usan contra a presenza ou

a porcentaxe do galego nas aulas. Por contra, o discurso de "a nosa lingua, vítima do españolismo..." provoca inhibición, cando non reafirmación hostil, porque a xente non identificada politicamente con isto considera que non é a súa guerra... Concluindo, penso que temos moito campo para medrar se somos quen de converter a n.l. nun amplo espazo suprapartidario e mesmo apartidario, se facemos apelos a que é o idioma de galegas e galegos e non o idioma dos desta ou daquela cor política.

podemos hoxe desenvolver a nosa vida en galego, incluso os que somos galegofalantes ao 100%? **non, non podemos**

(Miguel Louzao Outeiro)



Na conversa con Emilio Insua e Miguel Louzao analizamos o problema xurdido co decreto do anterior goberno bipartito

Neste sentido, pensades que o decreto 124/2007 de promoción do galego no ensino, aínda que de breve percorrido, sufriu as mesmas pexas que estades apuntando? Como analizades o rexeitamento que xerou, foi magnificado mediaticamente?

Miguel: Admitindo que o decreto foi un paso adiante, desde logo, tamén considero que na súa aplicación faltou flexibilidade e intelixencia. No profesorado novo comezou a funcionar de forma bastante xeralizada o decreto, aínda a pesar do enfoque, ao meu xuízo negativo, dos cursos de formación do profesorado en prácticas, pero aquel profesorado que levaba máis tempo foi moito máis reacio a asumilo.

Emilio: De todas maneiras, para min a responsabilidade no tema do decreto non radica tanto na súa aplicación ou na suposta falta de "cintura" á hora de poñelo en práctica, como na clamorosa ausencia dunha explicación á comunidade escolar, por parte da administración, con vontade de clarificar que o decreto se facía para conseguir este ou aquel obxectivo. Posibelmente se debería ter encamiñado, non tanto a marcar materias concretas, senón porcentaxes xerais, que se poderían efectivizar centro a centro de maneira distinta, segundo disponibilidades, resistencias e outros factores: isto axudaría a reducir o impacto e a limar resistencias. Ou sexa, o decreto non foi arroupado cunha campaña dirixida a aqueles sectores e ámbitos máis directamente afectados e sobre os que recaía o seu cumprimento. Consecuentemente, o contradiscurso da (falsa) "imposición" veu ser así a consecuencia indesexada pero certa desta política.

En relación ao devandito decreto 124/2007, considerades axeitada agora a súa defensa a utranza ou, pola contra, hai que se concentrar en facer un discurso arredor do modelo lingüístico que queremos para

ao ensino, máis alá da realización legal que tivo ou poida ter?

Miguel: Ben, é paradoxal que se trate dun decreto que nos parecía insuficiente a todos os que traballamos na n.l., e que cando confirmamos que nolo van quitar nos agarramos a el coma a un cravo ardendo. Ora ben, penso que xa é papel mollado e que non se lle deben dar máis voltas ao tal decreto e centrarse no futuro que xa é presente. E aí é mester demostrar moita pedagogía e habilidade; neste sentido, a miña opinión é procurar que estea fixado por lei o 50% de materias en galego para todos os centros (públicos, concertados e privados) e que no uso das linguas nas materias restantes se facilite chegar a acordos aos órganos que rexen os centros educativos (Comisión de Coordinación Pedagóxica, Claustro e Consello Escolar) no marco do deseño do Plan Lingüístico de Centro. Xa sei que é o que había neste momento, aínda que o decreto permitía máis e nalgúns casos había máis. Porén, a aposta polo 50% será difícil de contrariar para aqueles que defenden de boca para fóra un discurso de paridade, bilingüismo, etc., e tamén a máis

doada de explicar e encaixar naqueles sectores de poboación menos sensibles ou informados. Hai moita xente no PP, con responsabilidades nese partido, que avoga por isto e non está dacordo con menos ca isto. E repito, sei que hai outra xente que ve isto que digo como unha renuncia, un paso atrás, pero eu falo do que hai que conseguir plasmar realmente, non do que se pode pedir ou reivindicar.

Emilio: Facer defensa do decreto que van derrogar paréceme tactivamente un erro enorme, pois supón facer da necesidade virtude. Efectivamente, o decreto naceu entre moito escepticismo e quizá algo de maximalismo como para acabarmos agora aferrados a el como única plasmación posíbel dun avance na presenza do galego no ensino. Cómpre repensar outras vías, mesmo que sexa para un futuro máis ou menos próximo. Por outra banda, a campaña electoral e despois gobernamental "anti-50%" coído que tivo o seu cume nese pseudoreferendo que foi a enquisa ás familias, e que se fixo para dar amparo popular a unha política lingüística xa previamente deseñada. Opino que tal medida non lle

a lingua galega ten perspectivas de futuro mellores ou peores que hai 30 anos? **claramente peores**

(Emilio Insua López)



saíu ben ao goberno "popular", pois deu como resultado unhas porcentaxes de apoio ao galego absolutamente impensábeis para os partidarios e instigadores desa política. Así pois, reivindicó o pequeno triunfo ou avance moral que supuxo para a causa da lingua galega os resultados desa "montaxe". Aí hai uns datos difíciles de presentar como xustificación para unha involución como a que se pensaba implementar. Non desaproveitemos agora todo o camiño andado, de xeito que cando nos toque facer fronte ao novo decreto non debemos entrar en porcentaxes, senón en obxectivos, obxectivos do novo decreto: para que se fai?, pretende a competencia nas dúas linguas?. Ben, pois todas as medidas que vaian no camiño de conseguir esa competencia lingüística, apoiáremolas, e as que non, non. O decreto é para que ninguén sexa discriminado por razón de lingua? Ben, pois os dereitos dos galegofalantes no sistema educativo deberán estar garantidos nese texto. En definitiva, ir na liña de discutírlle "a maior", de esgrimir principios (sociolóxicos, pedagóxicos, etc.) e de facer pasar o novo decreto polo respecto a eses principios, testalo neles.

Miguel: Especulo con que o que se pretende facer neste momento é marearnos, fragmentar o movemento galeguizador para que haxa que dar unha loita corpo a corpo nos centros, que non todo o mundo está disposto a dar. Penso que van tentar fixar un par de materias en cada idioma e logo deixar que o uso das linguas nas demais sexa

froito do acordo entre os membros da comunidade escolar. Paréceme, sinceramente, que se se acaba negociando a maioría das materias en cada centro, en cada ámbito, a nosa batalla está perdida nunha ampla maioría de centros de ensino. É por isto que me amoso partidario de partir dese 50%, e en ningún caso renunciar a el.

Emilio: Eu non xogarí a política do todo ou nada. Efectivamente nos claustros e consellos escolares haberá que chocar con moitas resistencias, pero non é o mesmo que, por exemplo, todas as forzas sindicais digan "vamos por aquí, por menos disto non pasamos...", que non que se faga guerra de guerrillas, "eu por un lado, ti polo outro". Non é igual que, chegado o momento, as equipas de n.l. e outras instancias fagan debate e pedagogía sobre a decisión ou proposta que se lles presente desde a Administración

penso que cando nos toque facer fronte ao novo decreto **non debemos entrar en porcentaxes**, senón en obxectivos, en definitiva, esgrimir principios e facer pasar o novo decreto **polo respecto a eses principios**.

(Emilio Insua López)

paréceme, sinceramente, que se se acaba negociando materia por materia en cada consello escolar, a nosa batalla está perdida. **É por isto que me amoso partidario de non renunciar ao 50%**

(Miguel Louzao Outeiro)

a experiencia das aulas de infantil en galego en contornos castelanfalantes

a **oralidade** transmítese no berce da emoción

na miña escola en galego



Este curso comezou co anuncio da **eliminación das subvencións que recibían as aulas de infantil en galego en contornos castelanfalantes, sen que se realizase ningún balance dos resultados, das necesidades...** logo de catro cursos de funcionamento. Desde o STEG decidimos achegarnos a dous arredor de 30 centros que secundaron a iniciativa, **para aprender da súa experiencia.**

Tratándose de contornos castelanfalantes, calquera cidade galega nos valería, pero a ninguén se lle escapa que A Coruña e Ferrol foron pioneiras no proceso de substitución lingüística en ámbitos urbanos. E, se cadra por este contexto, se algún centro pode gabarse de ser pioneiro en pular por estas aulas en Galiza é o CEIP Emilia Pardo Bazán, da Coruña: **“Xa vén de atrás..., antes do marco legal actual intentamos un proxecto semellante que foi rexeitado pola Consellaría. No colectivo do profesorado e o claustro viamos maioritariamente a necesidade de utilizar o galego como lingua vehicular en EI. Tamén dentro das familias había un sentimento en favor da lingua galega, tendo en conta que moitas delas veñen de contornos galegofalantes, e, ao chegar á cidade, ao vivir nun entorno castelanfalante, perden a lingua dos seus avós e mesmo a dos seus pais. A proposta do claustro –ratificada polo Consello– foi denegada pola Consellaría a través da inspección, impedindo a posibilidade de que o galego fora lingua vehicular en educación infantil. Isto aconteceu hai 7 anos”,** explicanos Xosé Manuel, director deste centro. **“Logo veu un período de transición onde o deixamos de intentar ao non ter protección legal... Cando saíu, hai catro cursos, preguntouse ás familias na pre-inscrición se estarían dispostas a participar neste proxecto de innovación educativa.”** Distintos foron os comezos no CEIP Cruceiro de Canido, en Ferrol, como nos contan Celsa e Pilar, dúas das mestras que imparten estas aulas: **“Foi unha decisión do equipo de infantil formado por oito profesoras. Comunicámoslle á dirección que estabamos dispostas a levalo a cabo tres profesoras do equipo. Con ilusión, mais con poucas esperanzas, iniciamos o proceso de comunicación ao claustro e ao consello escolar. A sorpresa foi a reacción positiva dun grande núme-**

en 2002, o CEIP Emilia Pardo Bazán da Coruña xa intentou un proxecto semellante **pero foille denegado pola Consellaría**

ro de nais e pais. O noso pesimismo proviña de que o entorno de Ferrol é castelanfalante, polo que imaxinabamos que habería oposición. A realidade foi a contraria.” Entre as dificultades que salientan desde os dous centros, máis aló destes primeiros pasos, sorprende o peso que o tema das ratios ten para permitir a existencia destes grupos. **“O maior problema é adecuar o programa á matriculación –neste colexio temos dúas liñas con 50 nenas e nenos, e, xa que logo, o programa ten que ser para 25 xustos– mais iso estamos a solucionar coa xente que lle é indiferente unha liña ou outra, polo que podemos ter marxe de manobra para cumprir a ratio de 25, ao mesmo tempo que respectamos a opción de nais e pais que, para min, é fundamental”,** explica Maravillas, directora do CEIP Cruceiro de Canido. Idéntica situación describe Xosé Manuel na Coruña: **“As condicións eran complicadas polo problema das ratios: nin menos de 25 nin máis de 25. E deuse outra circunstancia cando pasamos dun grupo de 17 en galego, aos 3 anos, a un grupo de 25 no curso seguinte, de 4 (por aumento de 10 prazas na matrícula do centro). As oito vacantes entendíamos que eran para galego e outras dúas para a outra aula. Tivemos un “contencioso” coa Consellaría e díxonos que as prazas non podían ter perfís. Despois de matricularse había que informarles que oito podían elixir a liña, mais que pasaba se non querían e non chegamos aos 25? Había que eliminar o dereito das familias que estaban xa na liña de galego? A Consellaría non nolo resolveu. Fixemos unha reunión coas familias das dez solicitantes onde estabamos a dirección, as profesoras, a coordinación de normalización lingüística, a presidenta das ANPAS e explicouse en que consistía o proxecto. Foi cando comezou o curso pasado. A sorpresa é que había**



pelexas por entrar na liña de galego e tivemos case que as sortear”. Non en balde o balance máis positivo é o que fan as nais e os pais: **“Na casa somos galegofalantes e vivimos nun entorno castelanfalante e queremos que a nosa filla e o noso fillo falen galego. O entorno, a presión social é tan forte que se castelanizan. O programa foi como se me tocara a lotaría...”,** cóntanos Begoña, nai dunha nena de 6 anos e un neno de 3. Sen embargo, non é esta a situación máis frecuente nas familias, como nos explican as mestras do equipo de potenciación do galego en EI no CEIP Emilia Pardo Bazán **“A maioría das nais e pais son galegofalantes, pero aos nenos e ás nenas fálanlles en castelán e queren que os rapaces aprendan o galego, outra lingua máis. As rapazas e os rapaces víveno con tranquilidade, fállalles soltura, compréndeno perfectamente, o problema é que non o falan na casa. Aqueles que escoitan a nais e pais, ou ás avoas e aos avós sóltanse máis”.** A pesares disto, se nalgo concordan todas as persoas entrevistadas é na naturalidade total coa que as nenas e os nenos vive o feito de que na escola se fale galego **“Cando empecei con isto, pensaba que a oralidade**

nestes centros as familias, unha vez que coñecen o proxecto **estanse a decantar maioritariamente pola liña en galego**

se transmite no regazo da emoción. Non atopo ningunha dificultade de comunicación, tamén te comunicas co corpo. Cando dubidan, repito en galego, co meu corpo en xogo. Traduzo moi escasamente, trato de que vivencien. Na promoción pasada conseguimos que unha maioría constrúa o seu discurso en galego, non espontaneamente, porque o seu espontáneo é o castelán. Cando os animas teñen soltura. Son tres anos de vivencias con moito xogo teatral e corporal polo medio, e claro que se pega” reflexionan as mestras do equipo de potenciación do galego, que comeza este curso a súa segunda “promoción”, logo de estar tres anos co primeiro alumnado destas aulas no seu centro da Coruña. **“É o único contacto co galego que teñen, eles falan o seu idioma, escoitan e aprenden outro, e desde os 5 anos descubres que falan os dous”.**

a pesares dos atrancos administrativos **o balance é claramente positivo**





fronte ao ataque **lingüicida** do goberno do pp, nos últimos meses foron xurdindo diferentes plataformas cidadás en defensa da **lingua galega**

segundo, convocar unha mobilización nacional o 18 de outubro en Santiago de Compostela en defensa do idioma galego, da normalización lingüística do galego e do consenso histórico a prol da protección e promoción da lingua do noso pobo. Desde o STEG felicitamos publicamente ás máis de 50.000 persoas e ás diversas organizacións participantes na devandita manifestación, que mostraron unha actitude de civismo e compromiso na defensa da nosa lingua. Tamén en defensa do galego, “o máis prezado patrimonio inmaterial do pobo galego”, xurdiu a plataforma ProLingua, unha plataforma integrada



ción da súa oficialidade real, que pasa por unha presenza normal en ámbitos dos que se mantén practicamente excluída, como a empresa, a xustiza e outros servizos públicos e privados, especialmente os medios de comunicación”, como sinala o seu Manifesto. Cómpre salientar, tamén, a Iniciativa para o Galego. “Galego. Patrimonio da Humanidade”, na que participan diferentes persoas procedentes do ámbito político, sindical e cultural co ánimo de promover “un punto de referencia e un espazo argumentativo” que nos permita “renovar as retóricas de defensa do galego e facelas máis eficaces e inclusivas, con maior poder de interpelación social”. As mulleres e os homes que integran esta iniciativa, animaron á sociedade galega a asistir o pasado 14 de novembro a un acto público no Teatro Principal de Santiago de Compostela no que a sociedade galega puxo en evidencia “a defensa do galego e a nosa oposición á actual liquidación que o goberno de Feijoo está a desenvolver”.

Paralelamente, o 14 de xullo publicábase na rede o *Manifesto pola hegemonía social do galego* no que se reclama aos poderes públicos “o exercicio das súas obrigas para a promoción social e institucional do galego e para a eliminación de calquera discriminación e obstáculo á súa expansión, consolidación e naturalización como lingua nacional propia”. Unha iniciativa semellante á antedita é a que promove a *Plataforma Galego Sempre Máis*, que no seu *Manifesto dos Tres Puntos* chama a unir forzas arredor dos seguintes puntos: a defensa dun país socialmente monolingüe en galego, a reactivación da acción normalizadora de base en todas as fronteiras sociais



Desde o STEG felicitamos ás máis de 50.000 persoas e ás distintas organizacións que se manifestaron o 18 de outubro, **mostrando unha actitude de civismo e compromiso na defensa da nosa lingua**

Fronte ao ataque lingüicida do goberno conservador, que se manifesta na derogación do Decreto que regula o emprego do galego no ensino, no desexo de revisar o Plan de Normalización Lingüística aprobado por unanimidade polo Parlamento de Galiza, na modificación dos criterios a respecto do uso e promoción do galego no acceso á función pública e noutros ámbitos (decreto de infantil...), na retirada de subvencións para a promoción da lingua e da cultura galegas en diferentes departamentos da Administración autonómica (subvencións ás aulas de galego en contextos castelanfalantes...), no emprego indiscriminado do español nos actos nos que a dirixencia do PP está a representar ao pobo galego..., nos últimos meses foron xurdindo diferentes plataformas cidadás en defensa da lingua galega. A plataforma *Queremos galego*, integrada por diferentes colectivos sociais e aberta a quen sinta a necesidade de “responder á agresiva e regresiva

política lingüística do goberno do Partido Popular”, constituíuse con dous obxectivos fundamentais: primeiro, promover unha Iniciativa Lexislativa Popular para garantir os dereitos lingüísticos das galegas e dos galegos e,

por “persoas de moi diversa ideoloxía e profesión que ten como obxectivos exclusivos a promoción do galego como lingua propia de Galicia (e das comarcas estremeiras) e a consecución

a defensa do idioma **plataformas** cidadás

bitos (decreto de infantil...), na retirada de subvencións para a promoción da lingua e da cultura galegas en diferentes departamentos da Administración autonómica (subvencións ás aulas de galego en contextos castelanfalantes...), no emprego indiscriminado do español nos actos nos que a dirixencia do PP está a representar ao pobo galego..., nos últimos meses foron xurdindo diferentes plataformas cidadás en defensa da lingua galega. A plataforma *Queremos galego*, integrada por diferentes colectivos sociais e aberta a quen sinta a necesidade de “responder á agresiva e regresiva

política lingüística do goberno do Partido Popular”, constituíuse con dous obxectivos fundamentais: primeiro, promover unha Iniciativa Lexislativa Popular para garantir os dereitos lingüísticos das galegas e dos galegos e,

protección e promoción



Nos últimos anos, as institucións públicas, tanto as de ámbito nacional como estatal, recoñeceron o dereito á defensa e promoción do galego.

A **Constitución española** de 1978 recolle ese dereito no artigo 3, no que se sinala que *“a riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección”* (art. 3.1).

Froito dese compromiso histórico, a lexislación galega recolle o dereito das galegas e dos galegos a usarmos o galego en tres textos fundamentais: o Estatuto de Autonomía (1981), a Lei de Normalización Lingüística (1983) e o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado por unanimidade -cos votos do PP, PSOE e BNG, xa que logo froito dun gran consenso- no Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004, sendo presidente da Xunta de Galicia o popular Manuel Fraga.

No artigo 5 do **Estatuto de Autonomía** recóllese que *“a lingua propia de Galicia é o galego”* (art. 5.1), polo que *“os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento”* (art. 5.3).

Na **Lei de Normalización Lingüística** (1983), ademais de recoñecer que *“o galego é a lingua propia de Galicia”* e a obriga dos *“poderes públicos de Galicia de garantiren o uso normal e oficial do galego”*, como recolle o Estatuto, establece: o uso oficial do galego (Título II), o uso do galego no ensino (Título III), o uso do galego nos medios de comunicación (Título IV) e a función normalizadora da Administración autonómica (Título VI).

O **Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega** (2004), ten por obxectivo principal *“garantirle a posibilidade de vivir en galego a quen así o*

desexe, sabendo que conta co amparo da lei e das institucións”. Para acadar ese obxectivo, *“o Plan xeral de normalización da lingua galega establece obxectivos xerais e concretos, estruturados en dous grandes bloques sectoriais de actuación”*, eses obxectivos, ademais, establécense en sete ámbitos sociais: administración, educación, familia e mocidade, economía, sanidade, sociedade e proxección exterior da lingua. No ámbito do ensino, establécese como obxectivo prioritario *“alcanzar un uso maioritario do galego na docencia, entre os docentes e nas relacións escolares en xeral”*; neste sentido, o Decreto 124/2007, de 28 de xuño, recolle este acordo do Parlamento galego dándolle carácter normativo ao pretendido obxectivo de garantir unha competencia similar en galego e en castelán.

Constitución española (1978)

Título preliminar

Artigo 3

1. O castelán é a lingua española oficial do Estado. Todos os españois teñen o deber de coñecela e o dereito a usala.
2. As demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos.
3. A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

Estatuto de Autonomía (1981)

Artigo 5

1. A lingua propia de Galicia é o galego.
2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.
3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilita-lo seu coñecemento.
4. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.

Lei 3/1983, do 15 de xuño de Normalización Lingüística

Dos dereitos lingüísticos en Galicia

Artigo 1

O galego é a lingua propia de Galicia. Todos os galegos teñen o dereito de coñecelo e de usalo.

Artigo 2

Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal do galego e do castelán, linguas oficiais da Comunidade Autónoma.

Artigo 3

Os poderes públicos de Galicia adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón de lingua. Os cidadáns poderán dirixirse aos xuíces e tribunais para obter a protección xudicial do dereito a empregar a súa lingua.

Plan Xeral de Normalización Lingüística (2004)

Obxectivos xerais do Plan

- Garantirle a posibilidade de vivir en galego a quen así o desexe, sabendo que conta co amparo da lei e das institucións.
- Conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, priorizando a súa presenza en sectores estratéxicos.
- Introducir na sociedade a oferta positiva de atender o cidadán ou cliente en galego como norma de cortesía dun novo espírito de convivencia lingüística.
- Promover unha visión afable, moderna e útil da lingua galega que esfárele prexuízos, reforce a súa estima e aumente a súa demanda.
- Dotar o galego dos recursos lingüísticos e técnicos necesarios que o capaciten para vehicular a vida moderna.

Área 1. Ensino. Obxectivos de área

- Garantir que todo o profesorado teña plena competencia para desenvolver o seu labor docente en galego e os coñecementos necesarios para participar con criterio en tarefas de planificación lingüística escolar.
- Alcanzar un uso maioritario do galego na docencia, entre os docentes e nas relacións escolares en xeral.
- Fomentar o uso progresivo do galego desde a etapa preescolar (0-3 anos), de xeito que se superen as fortísimas carencias que se observan nos primeiros banzos do ensino.
- Lograr que o ensino obrigatorio garanta unha competencia plena no idioma galego e repercuta de forma efectiva na súa adopción como lingua habitual por parte das novas xeracións.
- Priorizar no ensino do galego a expresión, a afectividade e a utilidade, reforzando a súa dimensión comunicativa e instrumental en relación con contextos vivos e dándolle un protagonismo central á oralidade.
- Garantir unha oferta de materiais didácticos de calidade e en soporte diversos que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe, que axuden a percibir a utilidade da lingua e que capaciten para o seu uso correcto e eficaz.

O galego nos Atlas da Unesco

No ano 2001 o Atlas UNESCO das Linguas en Perigo no Mundo situaba ao galego entre as linguas máis vulnerables do planeta: aquelas que teñen comprometida a súa continuidade xeracional, aínda que distinguindo diferentes niveis de vitalidade (vulnerable, en perigo, seriamente en perigo, en situación crítica e extinta). Na última edición do Atlas, publicada en febreiro de 2009: (<http://cms01.unesco.org/fileadmin/MULTIMEDIA/HQ/CLT/CLT/pdf/UNESCO-EndangeredLanguages-WorldMap-20090218.pdf>), o galego xa non figura debido a que a persoa responsable das linguas en perigo peninsulares, o filólogo finlandés Tapani Salminen, considerou que *“todas as xeracións falan a lingua, polo que a súa transmisión dunha xeración a outra é continua”*, que é a condición necesaria para que unha lingua sexa considerada a salvo. Efectivamente, entre ambas as dúas edicións do Atlas produciuse un feito salientable: a aprobación en 2004 do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, que contou co apoio unánime de todo o Parlamento galego. Así, e de acordo con este Plan, as institucións públicas galegas comprometéanse na defensa e promoción da lingua galega.

Constitución española (1978)

Os dereitos lingüísticos na lexislación europea

1. European Cultural Convention (Paris, 19.XII.1954): <http://conventions.coe.int/Treaty/EN/Treaties/Html/018.htm>
2. European Charter for Regional or Minority Languages (Strasbourg, 5.XI.1992): <http://conventions.coe.int/treaty/en/Treaties/Html/148.htm>
3. Framework Convention for the Protection of National Minorities (Strasbourg, 1.II.1995): <http://conventions.coe.int/Treaty/EN/cadreprincipal.htm>
4. Report on the Linguistic Rights of Persons Belonging to National Minorities in the OSCE Area (1999): http://www.osce.org/documents/hcnm/1999/03/239_en.pdf



Ana María Pérez Rico

Profesora de pedagogía terapéutica, participa activamente no colectivo *cambiagalicia* e nas diversas iniciativas e accións que levan adiante por todo o país.

unha idea para cambiar un país *cambiagalicia*

No blog de Fran Alonxo publicitouse esta primavera unha carta de María Reimóndez, preocupada pola situación de **gravidade extrema** na que nos atopamos con respecto ao noso idioma e a nosa cultura, na que afirmaba que as **ameazas** poderían ser **oportunidades** e coa que comezou unha cadea.

Cambiagalicia xorde, nun contexto espazo temporal ben coñecido, da rabia, da impotencia ante a inxustiza, da ferida a piques de cicatrizar que se abriu de novo; pero tamén da esperanza, da necesidade de ser útiles e dunha profunda convicción de que as persoas somos axentes de cambio, cara a unha Galicia máis xusta e máis respectuosa coa súa extraordinaria diversidade. Cambiagalicia nace tamén coa idea de que outro discurso é necesario nos movementos de defensa da lingua, un discurso que deixe atrás victimismos e busque crear unha masa crítica e unha identidade colectiva e diversa baseada no diálogo e a participación, indo ás raíces do problema e non só ás súas consecuencias.

Por iso, as nosas accións buscan analizar, debater, falar, cambiar mentalidades. Buscan a creación de pontes a través do contacto directo e de espazos que faciliten o xermolar de actitudes e prácticas positivas con respecto á lingua. Cambiagalicia é un colectivo apartidario, non xerárquico e aberto a todas e todos os que se queiran sumar, no que todos e todas somos heroes e heroínas conscientes, desinteresadas, anónimas e necesarias para construír un país do que sentirmos realmente orgullosos e orgullosas, un país de galegos e ga-

legas que xeneren un sentimento de autoestima positiva ao redor dunha lingua que nos une.

A primeira acción de Cambiagalicia xurdiu da necesidade de mobilizar á sociedade, sobre todo aquela galegofalante que mantivo ata o de agora a lingua viva, pero que segue participando de prexuízos que lles fan sentir vergonza do propio. Varias reunións de avaliación e diagnóstico en Santiago e o intercambio de ideas e tarefas a través da rede situáronnos en Ribadeo facendo real unha idea desprendida do chamamento de María dende a carta que deu vida a este grupo. A idea era organizar unha grande MARCHA POLA LINGUA que percorrese pouco a pouco, con accións de diversa índole, as aldeas e vilas de Galicia. Desta idea inicial xurdiu o primeiro CONVERS-ANDO, do que tedes información na rede (conversando.blogaliza.org). Tres días e tres localidades (Ribadeo, Lourenzá, e Mondoñedo) nas que o obxectivo era chegar a poboación e intercambiar

impresións sobre a lingua de igual a igual, traballando para desfacer preconceptos e reforzando as moitas ideas positivas de galegofalantes a quen rara vez se escoita. Así, a cidadanía puido expresarse a través dun mural, dun tendal onde pendurar as súas impresións; sorteamos entre quen participou música e libros en galego cedidos por diferentes autoras/es e colectivos; fixemos rodas tradicionais e mesmo unha pequena obra de teatro. As actividades perfeccionáronse segundo íamos queimando etapas, e así en Lourenzá recollimos no mural palabra propias da zona que ao día seguinte levamos a Mondoñedo.

E tamén camiñamos, abrindo sendeiros no diálogo establecido coa xente coa que nos atopabamos, eles e elas camiñaban por distintos motivos: facer exercicio, por pracer, por cuestións de saúde, nós pola lingua de todos e todas. Este esforzo axudounos a coñecer as ideas e percepcións sobre o idioma dun grupo moi nutrido de persoas.

cambiagalicia xorde da ferida a piques de cicatrizar que se abriu de novo, e máis da esperanza



A avaliación desta primeira acción é unha enorme aprendizaxe e esperamos que as persoas que dialogaron con nós tamén aprendesen algo, ou algunha que outra se parase a reflexionar. A avaliación da actividade, estamos a axudar na preparación da seguinte e esperamos que tal cal unha cadea, cada elo sume e faga a nosa estrutura máis numerosa e máis forte. Se o obxectivo é cambiar mentalidades, daquela o traballo non pode ser illado senón recorrente, e por iso agardamos que os contactos que deixamos na zona do CONVERS-ANDO se establezan como executores de accións puntuais de Cambiagalicia cada mes na mesma zona.

Dende un punto de vista interno, consideramos que cada persoa participante en Cambiagalicia pode contribuír con algo nesta estrutura horizontal e participativa. No CONVERS-ANDO houbo quen camiñou, quen xogou, quen debuxou, quen deseñou as camisolas, quen fixo teatro, quen deixou o mural, quen preparou a publicidade, quen fixo de guía... A seguinte actividade proporcionará tamén un traballo feito á medida de cada quen, por iso todos e todas temos cabida neste proxecto. Neste momento temos xa unha comisión permanente para preparar o traballo que despois será perfeccionado na rede, estamos a planificar unha acción para o 12 de decembro en Vigo e temos outras aí esperando o tempo para desenvolveselas. Imos a modiño, conscientes de que temos un longo camiño por percorrer, defendendo a convivencia lingüística e a nosa paixón polas linguas e rexeitando os prexuízos lingüísticos e as ideoloxías que utilizan as linguas como ferramentas de exclusión e menosprezo das persoas.

Neste proceso as persoas que traballamos no ensino temos un papel fundamental que desempeñar porque as capacidades que utilizamos para a educación son imprescindibles para este proxecto. Toda persoa, sobre todo as adultas, ten a capacidade de incidir no seu entorno e cambialo. Cos nosos xestos, palabras ou actos estamos transmitindo continuamente mensaxes. En Cambiagalicia busca-

mos utilizar ese potencial colectivamente para a causa xusta da lingua. As nosas mensaxes buscan romper prexuízos, crear e compartir experiencias como galegofalantes, neogalegofalantes ou potenciais futuros galegofalantes e en suma contaxiar o noso amor por unha lingua que é de todas e todos.

Cambiagalicia, pois, busca ir ás raíces do problema, entendendo que negar o dereito a vivir en galego favorece ta-

nacemos coa idea de establecer un discurso que deixe atrás os victimismos

mén a aparición de actitudes negativas respecto á diversidade e á súa posible xestión enriquecedora e converte os cidadáns e cidadás en pouco críticos e ignorantes, e polo tanto, moito máis manipulables. En contra dunha sociedade uniforme, temos que potenciar a aceptación da diversidade como única forma de manter a democracia e a participación. Nese traballo de conservar a nosa lingua todas e todos somos imprescindibles e responsables.



cambiagalicia busca contaxiar o noso amor pola lingua, que é a lingua de todas e todos nós



campanha gráfica



Valentim R. Fagim

Nace en Vigo, autor de *O galego (im)posível* e *Do N para o NH*. É responsábel de diversas iniciativas para o ensino de lingua galega e portuguesa a través da rede. Actual presidente da AGAL e profesor de portugués na EOI de Ourense.

Se estivéssemos a presenciar um concurso de tipo cultural e a apresentadora desse aos concursantes um minuto para dizer nomes de línguas, é provável que estes mencionassem o inglês, o francês, o alemão, o castelhano e o português. Apesar de existirem 4000 línguas no mundo, o certo é que há umas poucas que apareceriam quase sempre entre as nossas referências.

A campanha gráfica "Ser lingua non é fácil" foi criada em 2007, no seio da ENL da EOI de Ourense, sendo eu o seu responsável¹. O seu objectivo era mostrar como estas línguas que ocupam um lugar de destaque nas nossas mentes estão sujeitas, como todas, a condicionantes sociais. Assim sendo, para cada uma delas seleccionamos quer um momento histórico crítico que bem pudo ter mudado a sua história, quer uma variedade que se destaca por gozar de um estatuto social precário ou inferior a respeito de outras.

A campanha tem 8 painéis. O primeiro é explicativo, e coloca uma lista geral de condicionamentos sociais que podem provocar que uma comunidade perda a sua língua. A seguir aparecem 7 painéis, cada um centrado num contexto linguístico-histórico:

1. A Inglaterra da época normanda em que o francês vai ser o instrumento imprescindível de promoção social e o inglês uma língua campesina.
2. O francês no Quebec nos começos da nação canadiana, onde a língua francesa era alcunhada como estrangeira pela maioria anglófona.
3. O espanhol no Porto Rico onde as políticas linguísticas tinham de ser sancionadas na câmara de representantes estadunidense.

ser lingua non é fácil

Introdución
Ser lingua non é fácil e isto serve non só para a realidade galega. Línguas que hoxe son ensinadas nas nosas Escolas de Idiomas tiveron momentos críticos na súa historia.

Non os tivesen superado e hoxe non serían o que son.

Foi o que se pasou en **Portugal**, na **Inglaterra** ou na **Italia**. Ás veces, é algunha das súas variedades a que sofre unha situación diglósica, é o caso do **español en Porto Rico**, o **francés no Quebec**, o **alemán na Alsacia** e o **holandés na Flandres**.

Como veremos nas historias que aparecen a seguir, existen varios condicionamentos sociais que poden provocar que unha comunidade perda a súa lingua:

- > **Que as súas elites económicas e sociais falen unha lingua diferente por ser esta de maior prestixio.**
- > **Carecer de Estado propio e estar inserido nun que priorize unha lingua "común" diferente da falada pola comunidade.**
- > **Que a comunidade non teña soberanía sobre as políticas linguísticas que a afectan.**
- > **Que a comunidade sexa bilingüe porque, se non mudaren os condicionantes sociais, o paso seguinte é o monolingüismo na lingua máis forte.**
- > **Que a comunidade non teña consciencia da súa identidade.**
- > **Que a comunidade viva inserida culturalmente noutra.**
- > **Que se perda a transmisión lingüística dos pais para os fillos.**
- > **Que se perda a comunicación con falantes da mesma comunidade lingüística noutros estados.**

eo! ourense
normalización lingüística

ser lingua non é fácil Quebec

ser lingua non é fácil Inglaterra

4. O alemão na Alsácia, cuja funcionalidade social está condicionada a se o território está administrado pola Alemanha ou pola França.
5. O italiano nos séculos XIV-XV, a língua neolatina que sofreu uma maior concorrência do latim, sendo desprezada pelos intelectuais humanistas.
6. O português na dinastia dos Filipes (1580-1640). Nom tivesse Portugal alcançado a independência e hoje as variedades galega e portuguesa teriam a mesma fortuna e seriam portanto a mesma língua sem grandes debates.
7. O neerlandês da Flandres (Bélgica) onde o francês foi a única língua oficial até que a partir de 1970 vigora um sistema linguístico territorial, onde a Flandres e a Valónia tenham a sua respectiva língua oficial.

Todos estes painéis pretendem mostrar como a funcionalidade das línguas (para que servem?, para que vão ser usadas?) vai ligada às comunidades que as falam e aos seus condicionamentos sociais, políticos e económicos. Por outras palavras, a história escreve-se cada dia.

o objectivo da campanha gráfica "Ser lingua non é fácil" é mostrar como também as línguas principais do nosso mundo estão sujeitas, como todas, a **condicionamentos sociais, políticos e económicos.**

ser lingua non é fácil Portugal

ser lingua non é fácil Italia

(1). Se algum centro escolar quiser fazer uso desta exposição só tem que contactar com o STEG. Na Internet pode-se descarregar em www.valentimrfagim.wordpress.com

a Finlândia



Pablo Gamallo

Naceu en Vigo en 1969. É licenciado en Filoloxía Hispánica pola USC e Doutor en Lingüística pola Universit  Blaise Pascal, Franza. Actualmente,   docente-investigador Ram n y Cajal na USC, especializado en ling stica computacional.

O artigo publicouse por vez primeira en www.vieiros.com. O autor autorizou a s a publicaci n neste monogr fico sobre a l ngua da revista estega.

Mesmo se   poss vel encontrar conflitos ling sticos an logos ao noso em qualquer parte do mundo, vou-me centrar aqui na fantasia sexual de Galicia Biling e (GB): o sistema educativo da Finl ndia, n mero 1 do mundo segundo os  ltimos relat rios do Programa Internacional de Avaliac o de Alunos (PISA), e para so miltoniano onde as m es e pais escolhem livremente a l ngua de instruc o das crianas.


A Finl ndia pertenceu ao reino da Su cia durante 700 anos, sendo o sueco a l ngua de prest gio durante todos esses anos. O finland s comeu a recuperar relev ncia a partir do ressurgimento nacionalista no s culo XIX. Na actualidade, s o l nguas oficiais o finland s, l ngua materna do 92% da populac o e o sueco, l ngua materna do 5'6%. Os principais obxectivos da pol tica ling stica do Estado s o os seguintes: um de natureza ecoling stica, que consiste em respeitar e mimar a minoria suec fona para evitar a s a extinc o, um outro de natureza psicoling stica, cujo intuito   conseguir que os estudantes tenham compet ncias amplas en duas l nguas (a materna e a outra oficial), e ainda um outro obxectivo mais pragm tico, que consiste en manter o sueco como l ngua oficial para aproximar a Finl ndia do resto de pa ses n rdicos, dado que o sueco   similar e intel givel com o dinamarqu s e o noruegu s, enquanto que o finland s pertence a um grupo n o-indoeuropeu mui afastado do resto de l nguas do seu contexto geogr fico. Graas ao estudo obrigatorio do sueco, os estudantes teriam mais f cil a aprendizagem de outras l nguas germ nicas como o ingl s ou o alem o. Para levar a cabo estes obxectivos, o Estado est  a p r em pr tica as estrat gias educativas que considera mais apropiadas. O modelo de ensino baseia-se nestas duas medidas: ensino obrigatorio

da l ngua sueca en prim ria e secund ria para os alunos que tenham o finland s como l ngua de instruc o (ou imers o), e possibilidade de receber a instruc o en sueco se hai suficiente demanda ou se o estudante mora num concelho considerado como bilingue ou monolingue en Sueco. Um concelho   bilingue se a l ngua minorit ria atinge o 8% da populac o do concelho ou, no seu defeito, ultrapassa os 3.000 falantes en n meros absolutos. Por outro lado,   interessante constatar que o sueco falado na Finl ndia est  regulado polo Instituto de Investigac o de L nguas de Finl ndia. Este instituto ocupa-se, entre outras cousas, de reintegrar o sueco da Finl ndia ao sueco da Su cia evitando empr stimos e decalques do finland s. N o   preciso fazer uma an lise mui aprofundada para dar-se conta que a situac o ling stica da Finl ndia   o sonho er tico de qualquer nacionalista galego: a l ngua pr pria, antigamente dominada,   quem domina numa situac o equilibrada de claro monolinguismo social. Hai uma clara hegemonia social do finland s. O mais ir nico e morboso, no entanto,   o facto de o sueco ser ainda uma l ngua viva no territ rio graas ao proteccionismo benfeitor do Estado que quer aproveitar essa situac o para formar indiv duos bilingues e melhor preparados. Que galeguista n o sonha com esta Arc dia feliz? Quem n o sonha com um galego hegem nico na maioria do territ rio e com o castel o en minoria, mas protegido, numa sociedade de indiv duos mais ou menos bilingues? Aos olhos de muitos simpatizantes de GB, devemos estar perto de viver nesta Arc dia pois eles mesmos se identificam com os suec fonos da Finl ndia, minoritarios e em perigo de extinc o. Ora bem,   bom diferenciar os adeptos integristas de GB da s a direcc o, um pouco mais esperta e realista. O discurso oficial de GB assume que o castel o n o est  em perigo, o que est  em perigo   a liberdade de escolha dos pais. Segundo os dirigentes desta associac o, a estrat gia do governo finland s ao respeito do ensino   a mais ajeitada sempre que se aplique num territ rio onde haja duas l nguas en contacto. Consideram-na uma estrat gia universalmente v lida, independentemente do grau de dominac o duma das l nguas ao respeito da outra. Bom, reconhec o que eu sinto certa temura pola inoc ncia infantil que mostra a direcc o de

GB ao respeito de temas socioling sticos. De facto, o mito er tico da Finl ndia acabaria por esvaecer-se quando se dessem conta que qualquer finland s falante desta l ngua nunca optaria pola estrat gia vigente hoje no pa s se o finland s fosse a l ngua minorizada. Neste caso hipot tico, o principal obxectivo glotopol tico do Estado n o seria preservar o sueco, l ngua estrangeira dominante, sen o mais bem estender desesperadamente a l ngua pr pria minorizada facendo uso dum modelo b sico de imers o (talvez com 2/3 horas de sueco   semana como na Catalunya, se fosse um governo 'cool').   uma quest o de simples superviv ncia. Nenhuma na o se suicida se j  venceu o auto- dio t pico do ex-colonizado e conta com as armas pol ticas dum Estado pr prio.

A Finl ndia ainda d  para uma  ltima analogia, a mais realista. Se seguimos a tend ncia do uso do galego desde hai 30 anos, constatamos que a situac o actual da Finl ndia   uma fotografia exacta da Galiza dentro de 50 ou 60 anos. Mas agora o 5'6% de suec fonos n o s o os falantes de castel o da nossa Arc dia sonhada, mais um pequeno reduto de intr pidos galegofalantes. Para que a analogia seja perfeita, nessa altura, o novo Instituto de Investigac o de L nguas da Galiza (fus o do ILG e da AGAL) procurar  desesperadamente reintegrar o galego falado na Galiza ao galego do Portugal e do Brasil. Para quebrarmos a tend ncia apocal ptica que mostram friamente os gr ficos e as estat sticas do uso do galego entre os mais novos,   preciso novas estrat gias e, portanto, novos planos de normalizac o. Temos que assumir primeiro a realidade: por um lado, o galego j  deixou de ser l ngua maioritaria do pa s entre os menores de 65 anos e, por outro, a 's ndrome do colonizado' (auto- dio)   ainda um sentimento mui generalizado. Nesta situac o j  mui prec ria, discutir se as matem ticas devem ou n o impartir-se em galego (a  nica diferenca significativa entre o decreto 1995 frente a decreto 2007)   improdutivo. O uso do galego vai seguir en linha descendente. Desde o meu ponto de vista, deveriamos assumir que, se mantemos os mesmos planos estrat gicos, nunca conseguiremos frear o processo acelerado e irrevers vel de castelanizac o. Em poucos anos, os galegofalantes seremos um pequeno reduto dentro

sabemos que a imers o na l ngua minorizada   o  nico modelo onde se assegura que, ao final do per odo escolar, os alunos tenham compet ncias avan adas nas duas l nguas en contacto.



o galego, como o finland s na Finl ndia, debe aspirar a ser l ngua hegem nica no noso territ rio.

dum territ rio dominado polo castel o e, tal como os suecos da Finl ndia, precisaremos das mesmas medidas de protecc o que estes disfrutaram, nomeadamente o direito   imers o en galego no ensino. E que estrat gias se poderiam propor? Bem, antes de nada,   fundamental redefinir claramente os obxectivos do galeguismo. Sem obxectivos claros, n o pode haver m todos de actuac o eficientes. Penso que o Manifesto pola Hegemonia Social do Galego   um bom ponto de partida. O galego, como o finland s na Finl ndia, debe aspirar a ser l ngua hegem nica no noso territ rio. N o   nada novo, mas ultimamente os discursos glotopol ticos atrapalham-se entre bilinguismos harm nicos e patrim nios universais. Para atingir este obxectivo,   fundamental analizar a realidade, propor planos estrat gicos realistas e aplic -los. Desde o meu ponto de vista, parece improdutivo manter uma estrat gia de consensos sobre a l ngua baseados en m nimos avances para a maioria. Um m nimo avance  , por exemplo, consensuar um 30, 40 ou 50% de mat rias en galego en prim ria e secund ria. Os acordos de 'm nimos' n o permitem visualizar contextos de uso onde o galego seja hegem nico e, al m de mais, facilitam o incumprimento sistem tico das normas. S o perfeitos para manter as velhas inercias dos que s o buscamos como adaptar-se  s novas normas facendo nada ou o m nimo imprescind vel. Em fim, n o ajudam a modificar os sentimentos negativos ao respeito da l ngua. Vejo mais  til propor estrat gias baseadas en acordos de 'm ximos' para uma minoria. S o medidas mais radicais que colocam o galego en situac o hegem nica, embora s  se apliquem a grupos sociais reduzidos e mais ou menos ideologizados. Uma medida de m ximos seria, por exemplo, permitir aos pais e m es optar pola imers o

em galego das crianas no ensino obrigatorio, com 2/3 horas semanais de l ngua espanhola. Penso que esta medida espec fica pode ser mui produtiva. Primeiro, segundo os dados fornecidos pola consulta da actual Conselharia de Educac o,   prov vel que haja entre um 20 e um 30% de pais e m es interessados nesta op o. N o   um mal comeo. Trata-se duma minoria muito mais representativa do que o 5% de suec fonos da Finl ndia. Segundo, como o n mero de professores no modelo de imers o en galego   menor, seria mais f cil melhorar o n vel global da l ngua em que se impartem as mat rias. Na actualidade, o galego empregado por parte do professorado   p ssimo, problema do que se fala pouco mais que est  a causar um grande desprest gio da nossa l ngua entre o alunado. O facto de termos um grupo reduzido e voluntarioso de professores en galego facilitaria a organizac o de cursos de formaac o com o obxectivo de melhorar a l ngua das aulas e dos materiais did cticos. Terceiro, haveria por fim uma concorr ncia directa entre o ensino en galego e o ensino en castel o, o que permitiria medir o grau de aquisic o das duas l nguas por parte do alunado en cada um dos dous modelos. Nestes momentos, sabemos que a imers o na l ngua minorizada   o  nico modelo onde se assegura que, ao final do per odo escolar, os alunos tenham compet ncias avan adas nas duas l nguas en contacto. A prova: os alunos do modelo D (s   scar) no Pa s Basco s o os  nicos que conseguem notas razo veis en  scar sem baixar da m dia nacional en castel o. Resultados semelhantes no

o galego j  deixou de ser l ngua maioritaria do pa s. Nesta situac o j  mui prec ria, discutir se as matem ticas devem ou n o impartir-se en galego   improdutivo.

modelo catal o n o fam mais que confirmar a hip tese de partida. Quarto,   diferenca do sueco da Finl ndia, o galego da Galiza   a l ngua pr pria do pa s, portanto, a percentagem inicial de alunos en imers o poderia (e deveria) ir crescendo a medida que a sociedade fosse interiorizando que o modelo en galego   o mais rend vel em termos de qualidade docente, aprendizagem de conte dos e aquisic o de conhecimentos multilingues. Por  ltimo,   importante sublinhar que a separac o dos alunos en funcao da l ngua de instruc o n o acarreta uma ruptura social en dous blocos ling sticos. Sendo o galego e o castel o duas l nguas mui pr ximas, toda a povoac o continuaria a ter, como m nimo, um conhecimento passivo do galego, mesmo nos n cleos urbanos mais castelanizados. De facto, n o haveria uma mudanca qualitativa ao respeito da situac o actual, j  que existem muitas escolas en contextos urbanos e na periferia das cidades que, incumprindo os acordos de m nimos, s o utilizam o galego de maneira residual.   certo que a estrat gia proposta coincide en muitos aspectos com a de GB, mas esta coincid ncia deve ser percebida como uma oportunidade e n o como uma eiva. Tamb m coincide na percep o mitol gica da Finl ndia. Mas este mito   visto de duas maneiras bem diferentes. Para GB, a Finl ndia representa o mito da liberdade de escolha da l ngua de instruc o. Para os galeguistas, a Finl ndia   a fantasia mais morbosa que se pode imaginar: uma Galiza en galego, mas com galegos bilingues e com uma pequena minoria protegida de simp ticos e inofensivos castel o-falantes.

libros




As razóns do galego Apelo á cidadanía

Neste volume recóllense escritos e artigos arredor da situación actual do idioma galego e dos debates sociais sobre a lingua e as súas expectativas de futuro. Ao carácter divulgativo e reflexivo dos ensaios, engádese o ton deliberativo e polémico dos artigos, publicados na edición de Galiza do xornal El País. Desde eles, Henrique Monteagudo formula un apelo á conciencia civil, nun intre crítico para o futuro da lingua galega.



Una historia de las lenguas y los nacionalismos

Xabier Zabaltza
Un dos puntais deste ensaio é a premissa de que a diferenza entre “lingua” e “dialecto” é arbitraria. É a identidade do grupo dos seus falantes, (a “conciencia nacional”) a que converte un dialecto en lingua e viceversa, a falta desa identidade a que torna unha lingua en dialecto. O autor recorre a infinidade de fontes para amosar as enormes consecuencias prácticas deste aserto, con exemplos de linguas das que a meirande parte de nós nunca temos escoitado falar. Desde unha perspectiva histórica analiza a relación, real ou suposta, entre idioma e clase social, territorio, relixión ou “raza”, tentando desmontar os múltiples prexuízos e malentendidos que adoitan acompañar estas cuestións.



El nacionalismo lingüístico

Juan Carlos Moreno Cabrera
Con claridade e rigor, o profesor Moreno Cabrera desvela as manipulacións coas que, en moitas ocasións, se tenta ocultar un nacionalismo lingüístico subxacente. As linguas, con todas as súas riquezas, pluralidade e matices, deberían servir para nos comunicar, para expresar quen somos e que sentimos, para describir o mundo e as súas relacións. Porén, en España e noutros países, véñense utilizando como armas arreboladizas, causas de conflito. Os discursos do nacionalismo (imperial-nacional ou periférico-resistente) que versan sobre cuestións lingüísticas –sexa cal sexa a súa orixe e as súas razóns políticas, económicas ou sociais– acostuman valerse dunha terminoloxía pseudo-científica, utilizada para xustificar e lexitimar situacións de desigualdade política e cultural. Libro valente, polémico e ameno.



Nos camiños do entusiasmo Calidade da lingua e planificación

Goretta Sanmartín Rei

Esta obra pretende, fundamentalmente, ligar a defensa do idioma galego co emprego dun modelo de lingua culta que incida na recuperación do prestixio e da dignidade que aínda está a precisar para ocupar o espazo que merece como lingua propia deste país. Para iso aborda os problemas máis urxentes da lingua galega na actualidade e realiza un percorrido crítico por dúas ferramentas que puideron ser funda-

mentais no proceso de normalización: o Plan Xeral de Normalización da lingua galega e o Acordo Normativo de xullo de 2003. Desde esta perspectiva xeral, este ensaio de Goretta Sanmartín Rei combina a análise das políticas lingüísticas desenvolvidas nos últimos anos, a revisión de conceptos fundamentais neste ámbito de fonda tradición entre o movemento nacionalista, aínda que cada vez máis cuestionados


socialmente, coa reivindicación de textos e personalidades relevantes da nosa particular tradición sociolingüística, para contribuír coa súa (re)lectura a nos sentirmos elos dunha cadea que debemos transmitir con entusiasmo.

banda deseñada



As serpes cegas

Felipe Hernández Cava/Tomeu Seguí
Premio Nacional de Comic 2009 Mellor Álbum e Mellor Guión no Salón do Cómic de Barcelona e premio da Crítica 2009. Esta banda deseñada, de grande éxito en Francia, ten de trasfondo o grande monstro dos totalitarismos. Ideada por Felipe H. Cava e levada ao papel por Bartolomé Seguí, podémola disfrutar en galego case simultaneamente coa súa saída ao prelo en castelán. Unha práctica imprescindible para garantir o dereito a vivirmos en galego.



As vidas de Galileo

Fiami
Editado pola USC no 2009, é un retrato de Galileo feito a través de seis épocas clave da historia da Astronomía. Fai de protagonista de cada unha delas, á vez que nos presenta os descubrimentos que mudaron o mundo. Unha obra de indubidable valor didáctico presentada nun formato especialmente atractivo para o alumnado de secundaria.

música



EMILIO JOSÉ Chorando aprendese

Seguramente o traballo máis importante do pop alternativo nacional do 2009. Dende Ourense. Con moitísimo amor, algo de odio, e toneladas dun cóctel tropical que mistura tolemia e senso común. Un **Albert Pla** reciclado con samples e á galega. (Música na mochila).



CUCHUFELLOS Achegaivos feligreses

Música posta ao servizo de esmorgas, romarías, parrandas, larpeiradas, foliadas, vendimas e folgedos, tendendo a subvertir os estilos sen inhibicións nin psicolóxicas nin sociais.



BONOVO BONOVO

A esencia dos sons acústicos salseados con tecnoloxía de vangarda, quere romper barreiras co establecido, explorando alén do coñecido as posibilidades de tres instrumentos tan polivalentes. bOnOvo comezan aquí o camiño na busca dun son que non entende de etiquetas.



CORO DE RUADA Primeiras gravacións ourensanas no 1929

Dez pezas, recuperadas, dixitalizadas e restauradas. Un Cd que integra cancións correspondentes ás primeiras gravacións sonoras realizadas en Ourense no ano 1929 pola Coral de Ruada, entón chamada Coro de Ruada.



ASOCIACIÓN DE GAITEIROS GALEGOS 13 lúas (libro CD/DVD)

A Asociación de Gaiteros Galegos preséntavos un novo traballo audiovisual que leva por nome Trece Lúas. As lúas que compoñen o ciclo do ano, ou os doce meses do calendario; as lúas que dende tempos ancestrais foron guía da vida; as lúas que puxeron data aos traballos e tamén ás festas; as lúas que levan apareladas unha fonda tradición cultural que chega ate os nosos días e agora queremos lembrar.

o leite baixo a tona

Para vostede onde reside o problema de Galicia?

*No tránsito feroz de labregos a consumidores,
no proceso transxénico que nos fai mutantes,
monstros que transforman a morriña en herbicida.*

Que está a acontecer nese hipotético tránsito?

*Convertemos a memoria nun hipermercado
e a ignorancia fainos indignos dunha bandeira,
o noso grial segue a ser un prato de churrasco.*

Que causas explicarían esa indignidade?

*O invisible ataque do raposo contra os soños,
o imperio de Zara Home sobre Galicia Ceibe,
a inclusión dos mitos na quincena das rebaixas.*

Pero non atopa aspectos positivos no progreso?

*Por onde pisamos inzan silvas de desleixo,
progresamos con mentalidade de eucalipto,
sen máis raigame que un espellismo de fachenda.*

Cales son, daquela, os riscos que corremos?

*Ser software orgánico, nunca un nosoutros consciente,
ser tan só apéndices da última tecnoloxía,
cápsulas emotivamente codificadas.*

E a solución?

*Non hai trabe de ouro nas fragas de Taguen Ata,
pero nunca se lle debe negar a man aos máis débiles.
Nin o pan. Nin a auga. Nin, por suposto, o idioma.*

Quixera engadir algo a respecto do idioma?

*Case chegamos ás mans por unha normativa
mentres a fala mirra nos tanatorios,
e sen ese celme todo devén artificio.*

Daquela non lle concede valor á política?

*Só cando non se contamina de mentira,
só cando os que consideran a lingua un tesouro
non manquen os pronomes en canto abran a boca.*

Para vostede a lingua representa un tesouro?

*A lingua só é una cadea de sons con sentido,
o resto son metáforas que nos endozan o gusto,
e a sacarina non couta a hemorraxia de fonemas.*

Onde se orixina a ferida?

*Temos una autoestima enferma de anorexia,
temos nos pulsos as amosegas das vergoña,
non aturamos o cheiro dos avós a bosta.*

Daquela non hai esperanza?

*Haina como un castelo de area na praia,
como a derradeira pinga de auga no deserto,
como un xeito de mancar os xeonllos con sangue.*

E o inimigo?

*O veludo envelenado do eloxio e a homenaxe,
un elitismo que reduce a lingua a lilaina,
a ñáñaras para cando nos enfocan as cámaras.*

Considera inútil o poema como ferramenta política?

*O poema opera nun territorio salvaxe,
non quere ser o canciño que nos lambe a bota,
non soporta ningún amo que o prenda a un tarambollo.*

Non leva daquela unha estrela na fronte?

*Iso sonlle preguntas para os programas rosas,
este é o ámbito do compromiso coa linguaxe,
as outras bandeiras non pertencen a este reino.*

Que lle esixe logo ao poema?

*Un fulgor que non se fabrique con pirotecnia,
un brillo que non semelle de folla de lata,
un esforzo que se nutra da necesidade.*

E a si mesmo?

*Esíxome a min mesmo non caer na fraude,
non profetizo patrias, non vendo lirismo,
tan só procuro albiscar o leite baixo a tona.*

Máis nada?

Parécelle pouco?



Carlos Negro



Cultivos transxénicos

Carlos Negro

O autor exerce como profesor de ensino secundario en Dodro.

O seu poemario "Cultivos transxénicos" foi o gañador do I Certame de Poesía Victoriano Taibo Entidade Local de Morgadães, publicado polo Instituto de Estudos Miñoranos.

a nova política lingüística



do you want a
pataquiña?



sindicato de traballadoras e traballadores do ensino de galiza

revistaestega@stegsindicato.org

www.stegsindicato.org